

**ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 6 DE MAIO DE 2013.**

En Sada, a 6 de maio de 2013 sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, na Sala de Conferencias da Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX), Concello de Sada.

**Asistentes:**

- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa das mulleres (Asociación Elas) e da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas). Secretaria da Asociación.
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva”).
- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- . Xoan Alvarez Llana en representación da *Mesa do sector institucional* (Fundación para o avance científico da veterinaria en Galicia)
- Dna. Carmen Borobio en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegodo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- D. Manuel Padín Santos, Concelleiro de emprego, promoción económica e turismo do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG's* (ASPACE).
- D. José Francisco Castro Vilarinho, en calidade de asesor externo da Asociación Mariñas – Betanzos.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

-----

A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

## **1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Apróbase a Acta da sesión anterior (11 de marzo de 2013).

## **2. SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER 2007-2013.**

### **2.1. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:**

#### **2.1.1. ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA EXPOSICIÓN, PUNTO DE VENDA E DEGUSTACIÓN L12-41100-29-0178.**

Con data 30 de marzo de 2013, a entidade promotora “Casa Pousadoira S.L.” solicitou unha axuda para o acondicionamento de local para exposición, punto de venda e degustación

A entidade promotora é a sociedade limitada Casa Pousadoira S.L que na actualidade conta cunha explotación agraria de cultivo de hortalizas e froitas e como actividade complementaria explota unha Casa de Turismo Rural no lugar da Pousadoira (Miño).

O proxecto consiste no acondicionamento dun espazo para adicalo a exposición e venda de produtos agrarios da propia explotación, así como un local para catas e degustación dos produtos.

Investimentos do proxecto: obra civil do local para exposición, venda e degustación dos produtos, mobiliario, instalación calefacción e equipamento (proxección para tematizar as visitas e frigorífico).

A entidade promotora non adquire o compromiso de creación de emprego con este proxecto.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 11.500-€ (IVE incluído). Esta iniciativa encaixa na medida 411.-Dinamización do sector agrario e forestal.

Con data 17 de abril de 2013, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 46,66 puntos, correspondéndolle un 33,33 % de axuda do Programa Leader que ascende a 3.832,95-€.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

### **2.1.2. AMPLIACIÓN ESTUDO DE FOTOGRAFÍA L11-41300-29-0116.**

Con data 29 de XUÑO de 2011, a entidade promotora MAGUS 18-10 S.L. solicitou unha axuda para a ampliación dun estudo de fotografía en Abegondo.

A entidade promotora do proxecto é a sociedade limitada, Magus 18-10 S.L., que na actualidade realiza o deseño e distribución dunha revista promocional de servizos fotográficos, restaurantes, comercios, catering, empresas de animación etc, especializada en vodas e cuos potenciais clientes son as mesmas empresas.

Os socios da entidade, matrimonio, de nacionalidade Arxentina e residentes no Concello de Abegondo, crearon os seus propios empregos xa fai máis de 6 anos adicándose a esta actividade innovadora de deseño e distribución da revista cuxa rendibilidade ponse de manifesto nas contas anuais presentadas.

A entidade promotora quere ampliar o negocio e ofertar o servizo de fotografía a particulares especialmente aos cidadáns do Concello de Abegondo xa que na actualidade non contan con este servizo no municipio (ata agora adicábase a elaboración da revista traballando en exclusiva para empresas).

Tamén queren ofrecer o servizo de fotografía na realización de eventos do territorio como vodas, bautizos etc. Este servizo faise fora do establecemento.

Os investimentos deste proxecto consisten na adquisición de dúas cámaras de fotos, dous flashes, dúas lentes, unha empuñadura para a cámara de fotos e unha bolsa para o equipo.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 7.543,03-€ (IVE incluído).

Con data 11 de abril de 2013, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 47 puntos, correspondéndolle un 33,5 % de axuda do Programa Leader. A axuda ascende a 2.526,92.-€ .

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

### **2.1.3. AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN AGRARIA HORTÍCOLA L11-41100-29-0124.**

Con data 03 de outubro de 2011, a promotora M<sup>a</sup> Herminda Villamizar solicitou unha axuda para a ampliación dunha explotación agraria familiar.

O proxecto consiste na ampliación das producións e instalacións existentes na actualidade, mediante a adquisición de equipamento e instalación dos medios necesarios para a produción e comercialización directa de legumes, hortalizas, verduras, millo, plantas medicinais, aromáticas e culinarias, e horta con ecotipos hortícolas locais. Vanse plantar variedades tradicionais: repolo de Betanzos, cebola Chata de Miño, tomate e pementos de variedades locais.

Os investimentos consisten no acondicionamento das fincas, instalación de seis invernadoiros e dunha bomba de auga para pozos; instalación e automatización do sistema de rega; adquisición dunha furgoneta de transporte, tractor e remolque hidráulico; arado, cultivador, fresadora, sulfatadora, rodillo suspendido, aboadora e unha impresora- etiquetadora.

A promotora adquire o compromiso de crear o equivalente a 0,5 empregos (colectivo desfavorecido)

Os investimentos deste proxecto ascenden a 77.420,58-€ (IVE incluído).

Esta iniciativa encaixa na medida 411.-Dinamización do sector agrario e forestal.

Con data 21 de marzo de 2013, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación.

Este proxecto acadou un total de 63,33 puntos, correspondéndolle un 40 % de axuda do Programa Leader. A axuda ascende a 30.968,23.-€ .

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

### **2.1.4. AFORRO ENERXÉTICO NA ALIMENTACIÓN NAS EXPLOTACIÓNS L12-41300-29-0192**

Con data 24 de abril de 2012, a entidade promotora “CUSOVIAME S.C.G” solicitou unha axuda para o aforro enerxético na alimentación nas explotacións. A entidade promotora do proxecto é a sociedade cooperativa “CUSOVIAME S.C.G. que se adica á fabricación e venda de piensos.

Este proxecto consiste na adquisición dun carro mesturador para a realización das mezclas unifeed nas explotacións agrarias, para deste xeito aforrar custos enerxéticos das explotacións mediante a compra de alimentación de xeito conxunto, coa finalidade de optimizar recursos, mellorar as producións e a calidade de vida dos agricultores.

Investimentos do proxecto: un carro mesturador.

Con este proxecto, a entidade promotora adquire o compromiso de creación de emprego equivalente a 1 emprego colectivo desfavorecido (UTA: 1).

Os investimentos deste proxecto ascenden a 164.000-€ (IVE incluído).

Esta iniciativa encaixa na medida 413.-Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. IV. Servizos para a economía e a poboación rural.

Con data 17 de abril de 2013, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación.

Este proxecto acadou un total de 67 puntos, correspondéndolle un 43,5 % de axuda do Programa Leader. A axuda ascende a 71.340.-€ .

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

O Xerente comunica que se vai dar paso a outro proxecto para a súa aprobación, que entrou con data posterior ao envío á Convocatoria e que ven detallado no anexo de Rogos e Preguntas.

#### **2.14. “AMPLIACIÓN EMPRESA FORESTAL EN CARRAL II”. L12-41300-29-0160**

Con data 24 de xaneiro de 2012, Andrés Seoane Villaverde solicitou unha axuda para o proxecto “L12-41300-29-0160 Ampliación empresa forestal en Carral II.

O promotor do proxecto, Andrés Seoane, é unha persoa física que conta na actualidade cun serradoiro en Carral. No ano anterior recibiu unha axuda do Programa Leader por importe de 11.640,68.-€ para adquisición dun tractor-grúa para a realización de tarefas de limpeza das márxes dos ríos, ademais de para o desbroce de montes.

Este novo proxecto consiste en adquirir outro tractor de maior capacidade, cunha grúa de maior tamaño para abordar mais eficientemente a tarefa de limpeza dos ríos, xa que evitaría ter que achegarse ao cauce con esta maquinaria nova, mellorando aspectos ambientais de loita contra a erosión, así como de seguridade no traballo.

A madeira recollida levarase ao serradoiro para vender como astilla para caldeiras de biomasa

Con este proxecto o promotor non se compromete a crear emprego. Os investimentos deste proxecto ascenden a 42.000.-€ (49.560.-€ IVE incluído).

Esta iniciativa encaixa na medida 413.-Creación, ampliación e modernización de PEMES

Con data 02 de maio de 2013, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 47 puntos, correspondéndolle un 33,5 % de axuda do Programa Leader. A axuda ascende a 14.070.-€ .

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

## **2.2. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS PROGRAMA LEADER.**

### **2.2.1.- MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN EXPLOTACIÓNS DE MACEIRAS SIDRA (L13-41100-29-0226)**

Con data 08 de abril de 2013 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “ MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN EXPLOTACIÓN DE MACEIRAS SIDRA”.

O promotor do proxecto, JOSE JUAN RICO, vai levar a cabo este proxecto no lugar de “As Cubas” no Concello de Aranga.

Este proxecto produtivo consiste na mellora na xestión enerxética (redución de custos e simplificación de procesos), nunha explotación agraria de maceiras para a produción de sidra en Aranga (1.400 pés de maceiras).

Investimentos do proxecto: compra de equipamento e fabricación dunha máquina específica para o mantemento da plantación.

Con este proxecto o promotor non adquire o compromiso de creación de emprego.

Ten cabida na medida 411 (Dinamización do sector agrario e forestal- Investimentos no sector agrario) do Réxime de Axudas do Programa Leader, no apartado de mellora da eficiencia enerxética das explotacións.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 2.817,65.- € (2.328,64.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 69 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 44,50% (1.036,24.-€) sobre un orzamento elixible de 2.328,64 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

### **2.2.2.- AMPLIACIÓN VIVEIRO ÁRTABRO (L13-41100-29-0228).**

A entidade promotora deste proxecto, é unha Sociedade Agraria de Transformación “S.A.T. VIVEIROS ARTABRO NUMERO 851 XUGA”

Esta sociedade agraria de transformación, ubicada en Carral, adícase á produción e comercialización de todo tipo de plantas e variedades autóctonas, planta ornamental, forestal e frutais autóctonos galegos.

Con este proxecto quérese incrementar a plantación frutal, realización de actuacións de aproveitamento de restos vexetais para creación de compost e implantación de cultivo hortícola (pataca, repolo e cebola) en fincas de aluguer.

Investimentos do proxecto: acondicionamento da nave industrial; acoplamento e adquisición de pala tractor; sembradora e arrancadora de patacas; remolque esparcidor esterco; equipo tratamento fitosanitarios; arrancadora tractor para frutais; varredora hidráulica tractor e remolque agrícola.

Con este proxecto o promotor non adquire o compromiso de creación de emprego.

Ten cabida na medida 411 (Dinamización do sector agrario e forestal) do Réxime de Axudas do Programa Leader, no apartado de recuperación de variedades tradicionais.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 82.000.- € (67.768,60.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 62 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 41% (27.785,13.-€) sobre un orzamento elixible de 67.768,60 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

### **2.2.3.- CREACIÓN SALA ENVASADO DE KIWI E FRESA (L13-41100-29-0222)**

Con data 02 de abril de 2013 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “CREACIÓN SALA ENVASADO DE KIWI E FRESA”.

A entidade promotora do proxecto, FRUTAS GEIXADE S.C., vai levar a cabo este proxecto no Concello de Abegondo. Na actualidade esta sociedade adícase a produción e comercialización do kiwi e fresa.

Con este proxecto produtivo vaise crear unha sala de envasado de kiwis e fresa para mellorar a comercialización. Os investimentos do proxecto son: adquisición e adaptación da nave e mobiliario.

Con este proxecto a entidade promotora adquire o compromiso de creación de medio emprego colectivo desfavorecido.

Ten cabida na medida 411 (Dinamización do sector agrario e forestal- Investimentos no sector agrario) do Réxime de Axudas do Programa Leader, no apartado de apoio a novas producións.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 242.000.- € (200.000.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 78,33 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 40% (80.000.-€) sobre un orzamento elixible de 200.000.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

## **2.3 RENUNCIA E DESISTENCIA EXPEDIENTES PROGRAMA LEADER.**

### **2.3.1 RENUNCIA “L10-41300-29-0040 CREACIÓN DE RESTAURANTE EN VELOUZÁS (PADERNE).**

Con data 25 de abril de 2013, REFUXIO DE PADERNE S.L.U, a entidade promotora do proxecto “L10-41300-29-0040 CREACIÓN DE RESTAURANTE EN VELOUZÁS (PADERNE)”, solicita a renuncia á axuda do Programa LEADER concedida o 04 de maio de 2012.

A Xunta Directiva acepta a aceptación da renuncia e posterior peche do expediente e que sexa comunicado á Dirección Xeral de AGADER.

O peche deste expediente libera 87.827,19.-€ que xunto aos 32.772,89.-€ existentes na medida 413 sen comprometer, a Asociación dispón de 120.600,08.-€. Proponse a activación dos seguintes expedientes seguindo a orde de activación de proxectos establecida por Agader en base á instrución nº 1/2013:

1. L10-413-29-0037 Creación dun centro de día no Concello de Abegondo. A entidade promotora presentou a desistencia á solicitude de axuda.
2. L11-413-29-0114 Melloras en industria de panadería (Carral). Importe de axuda: 17.632.-€
3. L11-413-29-0112 Creación de empresa comercializadora de maquinaria agrícola. A entidade promotora presentou a solicitude de aprazamento na emisión da resolución de concesión da axuda.
4. L11-413-29-0110 Nova carpintería innovadora de madeira na comarca. Importe de axuda: 16.344.81.-€
5. L11-413-29-0094 Fabricación estruturas metálicas especiais con eixo rotacional para paneis solares. Importe de axuda: 83.271,45.-€.
6. L11-413-29-0116 Ampliación estudo de fotografía en Abegondo. Importe de axuda: 2.526,92.-€

A Xunta Directiva acorda a activación destes expedientes seguindo a orde de activación de proxectos establecida por AGADER en base á instrución nº 1/2013:



### **2.3.2 SOLICITUDE DE APRAZAMENTO NA EMISIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA AXUDA DO EXPEDIENTE “L11-41300-29-0112 CREACIÓN EMPRESA COMERCIALIZADORA POR MAIOR DE MAQUINARIA AGRÍCOLA-GANDEIRA”.**

Con data 25 de abril de 2013 a entidade promotora do proxecto “L11-41300-29-112 CREACIÓN EMPRESA COMERCIALIZADORA POR MAIOR DE MAQUINARIA AGRÍCOLA-GANDEIRA” solicita unha demora na emisión da resolución de axuda por non poder acometer a execución do proxecto antes do 30 de setembro de 2013, quedando condicionada á existencia de fondos para o GDR nas anualidades 2014 e 2015.

A Xunta Directiva acepta a concesión da demora na emisión da resolución de concesión da axuda e que sexa comunicada á Dirección Xeral de AGADER.

### **2.3.3. EXPEDIENTE “L10-41300-29-0037 CREACIÓN DUN CENTRO DE DÍA NO CONCELLO DE ABEGONDO”.**

Con data 26 de abril de 2013, HOGAR DE MAYOR S.L.U., entidade promotora do proxecto “L10-41300-29-0037 CREACIÓN DUN CENTRO DE DÍA NO CONCELLO DE ABEGONDO”, solicita a desistencia á axuda do Programa Leader. Este proxecto conta co Informe de Control de Elixibilidade favorable de Agader.

A Xunta Directiva acepta a aceptación da desistencia da axuda e posterior peche do expediente e que sexa comunicada á Dirección Xeral de AGADER.

### **2.3.4. EXPEDIENTE “L11-41100-29-0140 AMPLIACIÓN EMPRESA FORESTAL PARA RECOLLIDA DE BIOMASA EN ABEGONDO”.**

Con data 25 de abril de 2013, Jose Miguel Vidal Busto, promotor do proxecto “L11-41100-29-0140 AMPLIACIÓN EMPRESA FORESTAL PARA RECOLLIDA DE BIOMASA EN ABEGONDO”, solicita a desistencia á axuda do Programa Leader.

A Xunta Directiva acepta a aceptación da desistencia da axuda e posterior peche do expediente e que sexa comunicada á Dirección Xeral de AGADER.

### **2.3.5. EXPEDIENTE “L12-41100-29-0166 AMPLIACIÓN EXPLOTACIÓN PORCINA EN ABEGONDO”.**

Con data 26 de abril de 2013, Anabela Pais Louro, promotora do proxecto “L12-41100-29-0166 AMPLIACIÓN EXPLOTACIÓN PORCINA EN ABEGONDO”, solicita a desistencia á axuda do Programa Leader.

A Xunta Directiva acepta a aceptación da desistencia da axuda e posterior peche do expediente e que sexa comunicado á Dirección Xeral de AGADER.

### **2.3.6. EXPEDIENTE “L12-41100-29-0196 TRANSFORMACIÓN E MANIPULACIÓN DE PRODUCTOS AVÍCOLAS”**

Con data 30 de abril de 2013, Nuria Calvo Maceiras en representación de Distribuciones Calvo Ramos e Hijas S.L. e respecto do proxecto “L12-41100-29-0196 Transformación e manipulación de produtos avícolas”, solicita a desistencia á axuda do Programa Leader.

A Xunta Directiva acepta a aceptación da desistencia da axuda e posterior peche do expediente e que sexa comunicada á Dirección Xeral de AGADER.

### **2.5 PROPOSTA DE ACTIVACIÓN TOTAL DO PROXECTO “L10-41300-29-0052 REFORMA DE PAVILLÓN PARA ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL”**

Con data 26 de abril de 2012, Agader emite a resolución de concesión de axuda do proxecto “L10-41300-29-0052 REFORMA DE PAVILLÓN PARA ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL” coa asignación da totalidade dos fondos pendentes de comprometer que tiña a Asociación Mariñas-Betanzos para proxectos non produtivos e que ascendían a 204.950.-€ A axuda total deste proxecto ascende a 250.000.-€

A Xunta Directiva debate sobre o posible traspaso de fondos da medida 411 á medida 413 por importe de 45.050.-€ para poder activar este proxecto na súa totalidade ou deixalo para máis adiante, caso de que fose necesario para subir o ritmo de execucion. A Xunta Directiva acorda non realizar o traspaso de fondos da medida 411 á 413, entre proxectos produtivos a non-productivos non sendo recomendable neste momento.

### **3. PROPOSTA REDUCIÓN XORNADA XERENTE PROGRAMA LEADER.**

Dende a Comisión Europea tense creado un Programa para “aproximar” a innovación ao sector agrario. Para iso nos vindeiros meses traballará un consorcio europeo na identificación de necesidades, retos, temas de interese, liñas de axuda, etc., tentando sentar as bases dun punto de intercambio de información. Neste consorcio europeo participan 7 entidades, estando entre elas a Universidade de Santiago de Compostela.

Dende a Universidade de Santiago de Compostela teñen contactado co Xerente de Mariñas – Betanzos para que poida participar durante estes 10 meses no proxecto, aproveitando a súa experiencia “sobre o terreo”, en contacto co sector agroalimentario e as súas dificultades.

Proponse á Xunta Directiva, unha redución da xornada laboral en Mariñas – Betanzos durante 10 meses, caso de que fose necesario e que Agader autorice unha posible compatibilidade de funcións, para poder ser contratado a xornada parcial por cada entidade.

A Xunta directiva autoriza esta solicitude, caso de facerse efectiva. Esta situación tería que ser autorizada por AGADER.

#### **4. INFORME II OBRADOIRO AGRICULTURA ECOLÓXICA**

Debido ao éxito do primeiro Obradoiro de Agricultura Ecolóxica, dende o GDR Mariñas – Betanzos organízase para este ano 2013 un II Obradoiro de Agricultura Ecolóxica.

- **DESTINATARIOS:** Persoas interesadas en formas de vida saudables e respectuosas coa terra e co medio ambiente en xeral e coa agricultura ecolóxica en particular.
- **UBICACIÓN E INSTALACIÓNS:** Invernadoiro de 1.000 m<sup>2</sup> e parcela de 1 ha sitas no Lugar de Vilartó – Santa M<sup>a</sup> de Vigo (Cambre).
- **DURACIÓN DO CURSO E HORARIO**
  - Meses de maio, xuño e xullo.
  - Horario; (orientativo 18:00 – 21:00 h).
- **COSTE:** 60 €/persoa e mes. Total do curso: 180 €/persoa.

O día 20 de abril de 2013, rematou o prazo de inscrición, tendo finalmente 50 persoas inscritas que xa formalizaron o pago.

O obradoiro comezará o día 6 de maio de 2013, tendo unha duración de 3 meses.

#### **5. CANDIDATURA RESERVA DA BIOSFERA “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”.**

En relación á resolución final da Candidatura presentada, comunícase aos membros da Xunta Directiva que está prevista dita resolución na 25<sup>a</sup> Reunión do Consello Internacional de Coordinación do Programa MaB a celebrar na sede da UNESCO en París, do 27 ao 30 de maio de 2013.

Por tal motivo, téñense posto en contacto coa Asociación “Mariñas – Betanzos” para que lles enviemos antes do 15 de maio de 2013 material promocional sobre o lugar proposto, en particular fotos de alta calidade e/ou videos curtos, para mostralos na sección audiovisual da UNESCO durante a Reunión (máximo 10 minutos por reserva). Será necesario, enviar copia asinadas dos documentos de concesión de dereitos das imaxes.

A Xunta Directiva acorda que se abra un novo expediente LEADER dentro da Medida 431B para a realización deste vídeo por importe de 2.000 euros.

#### **6. NOVIDADES DA ASOCIACIÓN.**

##### **6.1. PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2013.**

O día 19 de abril de 2013 ten saído publicado no DOG a Orde do 18 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de Programas Integrados para o Emprego durante os anos 2013 e 2014.

Como novidades, respecto a anos anteriores destacar os criterios de valoración específicos para aqueles proxectos de xestión compartida ou fusión municipal que representen un aforro de custos e unha xestión máis eficaz no desenvolvemento dos programas integrados para o emprego. As solicitudes terán que ser presentadas a través da sede electrónica da Xunta de Galicia a través de formulario normalizado, sendo necesario sinatura electrónica.

Estas subvencións teñen por obxecto o financiamento de Programas de Emprego dirixidos á mellora da ocupabilidade e a inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de plans integrais que combinen accións de diversa natureza, tales como información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral, prospección de empresas e intermediación laboral, e mobilidade xeográfica. O prazo de execución dos Programas Integrados para o Emprego será como máximo de 12 meses.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 20 de maio de 2013.

As liñas básicas obxecto deste proxecto serían:

- Formación para a agricultura ecolóxica
- Formación para transformación agroalimentaria.
- Obradoiro para “Aprender a emprender”.

Proponse unha estrutura articulada entorno ás actividades no medio rural (agricultura, medio ambiente, turismo,...), con actuacións teóricas, prácticas e de inserción laboral complementarias entre si e asentadas fundamentalmente sobre os seguintes eixes de traballo:

- **Eixe I:** FORMACIÓN E INTEGRACIÓN LABORAL EN PRODUCCIÓN HORTÍCOLA ECOLÓXICA.
- **Eixe II:** FORMACIÓN E INTEGRACIÓN LABORAL EN AGROINDUSTRIA E TRANSFORMADOS.
- **Eixe III:** OBRADOIRO “APRENDER A EMPRENDER”: INICIATIVA EMPRENDEDORA.

Apróbase a proposta de sinatura dun Convenio con BANTEGAL para dinamizar o mercado de terras no territorio. Tamén acórdase valorar a viabilidade de que a Rectoral de Bribes fose a finca demostrativa e de multiplicación de variedades local da Reserva da Biosfera.

Nesta nova solicitude de Programa Integrado de Emprego, tentarase reforzar o acceso a terras para as persoas que queiran incorporarse, así como o acceso aos mercados de comercialización.

## **6.2. INFORME SOLICITUDE PROGRAMA INICIATIVA XOVE 2013**

O día 18 de abril ten saído publicado no DOG a Orde do 11 de abril de 2013 pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede a súa convocatoria.

Posta en marcha de iniciativas xuvenís, entendidas estas como proxectos liderados pola mocidade da Comunidade Autónoma de Galicia, que se desenvolvan durante o ano 2013, e nos que as persoas

mozas sexan as verdadeiras protagonistas, que participarán activamente na planificación e na realización das actividades.

O orzamento total non poderá ser superior de 4.000 euros.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 19 de maio de 2013.

A proposta sería elaborar e deseñar unha “Guía de apoio á creación de agroindustrias para a mocidade do territorio de Mariñas – Betanzos”. A través deste proxecto, facilitaríase aos mozos e mozas do territorio unha nova ferramenta para poder crear e desenvolver unha agroindustria no territorio e así contribuír a crear emprego.

Os principais contidos desta guía estarían enfocados en materia de lexislación e en todos os trámites sectoriais específicos que dende os seus distintos ámbitos, sanitarios, industriais, fiscais e medioambientais, debe cumprir toda agroindustria.

A Xunta Directiva autoriza que o Equipo Técnico realice os trámites oportunos de solicitude e aprobación, así como autoriza á Presidencia a sinatura da mesma.

### **6.3. CONVENIO CO CFEA DE GUÍSAMO PARA PRÁCTICAS ALUMNOS DE PAISAXISMO E MEDIO RURAL.**

O día 25 de marzo de 2013 tense asinado un Convenio de colaboración co centro educativo do CFEA de Guísamo para o desenvolvemento dun programa formativo de formación en centros de traballo, dirixido a alumnado de formación profesional específica.

A este respecto, informase que alumno de Paisaxismo e Medio Rural, Guillermo Martínez Rey, está realizando as súas prácticas na sede do GDR “Mariñas – Betanzos” dende o 8 de abril de 2013 ata o 15 de xuño de 2013 (número total de horas 384). O alumnos recopilará información sobre a paisaxe histórica na Comarca de Betanzos, relacionada cos aproveitamentos agrograndeiros.

### **6.4. REUNIÓN COA ESCOLA GALEGA DA PAISAXE PARA AVANZAR NA CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE DO TERRITORIO.**

O pasado 10 de abril tivo unha reunión entre o Xerente de Mariñas – Betanzos e a Directora da Escola Galega da Paisaxe, -Dna. Isabel Aguirre-.

Ao respecto do interese de Mariñas – Betanzos en avanzar na caracterización da paisaxe na Reserva da Biosfera. Dona Ana Isabel Aguirre, mostrouse moi interesada en ofreceuse a dirixir esta caracterización, en coordinación co Instituto do Territorio, debendo buscarse dende Mariñas – Betanzos ou ben persoal para adicarse ás tarefas ou ben orzamento.

Acórdase pedir unha reunión co Instituto de Estudos do Territorio para explicarlles esta proposta.

## **6.5. INFORME PLANTACIÓN CONXUNTA DE 500 CASTIÑEIROS. 21 DE MARZO DÍA DA ÁRBORE.**

“Mariñas – Betanzos” participa dende o ano 2011 no proxecto de cooperación “Territorios rurais Comprometidos na loita contra do cambio climático”, conxuntamente con outros oito Grupos de Desenvolvemento Rural de toda España, e que financia o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Con este proxecto búscase contribuír á redución das emisións de CO2 nos territorios asociados, tratando de que as oficinas LEADER traballen pola loita contra o cambio climático dunha forma próxima aos veciños.

**Así dentro da programación deste proxecto**, nos 18 concellos socios do GDR Mariñas - Betanzos (ABEGONDO, ARANGA, ARTEIXO, BERGONDO, BETANZOS, CAMBRE, CARRAL, CESURAS, COIRÓS, CULLEREDO, CURTIS, IRIXOA, MIÑO, OLEIROS, OZA DOS RÍOS, PADERNE, SADA E SOBRADO), **realizouse** unha plantación conxunta de 500 castiñeiros, **cedidos gratuitamente pola Consellería do Medio Rural e do Mar** onde un representante municipal de cada concello leu o "Manifesto das Administracións Locais con motivo do día internacional da árbore, pola sustentabilidade e apoio á Candidatura á Reserva de Biosfera *-Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo-*".

Nestas plantacións, das que cada concello elixiu o lugar de plantación dos castiñeiros, participaron técnicos e representantes municipais, colexios e centros educativos, alumnos de obradoiros de emprego, entre outros. Estímase que coa plantación destes castiñeiros poderase fixar unha cantidade dunhas 1.120 toneladas de CO2 nun período de 40 anos, a mesma cantidade que emiten 622 coches ao ano (media de 12.000 km. por ano).

Os principais obxectivos que se pretendían conseguir con esta acción eran:

1. Divulgación e concienciación sobre os valores ambientais e sociais das superficies arboradas.
2. Difusión do proxecto de cooperación.
3. Reforzo do proceso da Candidatura de Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” presentada pola Asociación ante a UNESCO.

## **6.6. PROXECTO PILOTO DE RECOLLIDA E RECICLAXE DE ACEITES DOMÉSTICOS USADOS, NOS CENTROS EDUCATIVOS DO ÁMBITO DA ASOCIACIÓN “MARIÑAS – BETANZOS”**

O pasado 1 de marzo de 2013, tivo lugar no Salón de Plenos do Concello de Abegondo unha reunión cos Técnicos de desenvolvemento local e de medio ambiente dos 18 concellos para explicar este proxecto.

## OBXECTIVOS

- Concienciar e sensibilizar aos escolares do coidado do medio ambiente e o hábito da reciclaxe.
- Facilitar a xestión dun residuo contaminante e incómodo de almacenar, a produción de biocombustibles e reducindo así o traballo das depuradoras.
- Xeración de beneficios para as asociacións de pais en nais dos centros.

## METODOLOXÍA

- Identificación de empresas autorizadas dedicadas á recollida e tratamento de aceite vexetal usado na área de influencia da asociación.
- Posta en contacto cos centros educativos de educación primaria e selección dos mesmos para a realización da iniciativa (Carral, Abegondo e Curtis).
- Coordinación da instalación de depósitos de recollida de aceites usados nos centros, que permitan un sistema cómodo, limpo e eficiente de xestión do residuo.
- Realización de documentación e de charlas explicativas nos centros educativos seleccionados para a divulgación dos beneficios que produce o tratamento e xestión dos aceites domésticos usados.

## **7. ROGOS E PREGUNTAS**

### **7.1. PROGRAMA DE VOLUNTARIADO “MARIÑAS – BETANZOS”**

Ao respecto do Programa de Voluntariado, informar que no “punto de encontro” da páxina web do voluntariado galego (<http://www.voluntariadogalego.org/web/index.php>) está inscrita a Asociación “Mariñas – Betanzos”. Tamén na páxina web da Asociación ([www.marinasbetanzos.com](http://www.marinasbetanzos.com)) hai un formulario de inscrición para participar como persoal voluntario na Asociación.

O día 6 de maio de 2013 temos recibido a petición dunha persoa interesada, Julio Torreiro Casal, enxeñeiro agrónomo, en participar como voluntaria na Asociación, concretamente na elaboración da candidatura do Proxecto Life+2013 “NATURAL FARMING HERITAGE”.

O día 7 de maio temos recibido a petición doutra persoa interesada, Sofía Calvete Candal en participar como voluntaria na Asociación, concretamente na elaboración da candidatura do Proxecto Life+2013 “NATURAL FARMING HERITAGE”.

O día 7 de maio temos recibido a petición doutra persoa interesada (Andrés Rodríguez Pereira) en participar como voluntaria na Asociación. O perfil desta persoa é de Licenciado en Bioloxía. Estudos Avanzados.

Informar que para acoller persoal voluntario, o GDR Mariñas – Betanzos, deberá ter en vigor un Seguro de Accidentes e outro de Responsabilidade Civil.

A Xunta Directiva acorda aceptar a estas dúas persoas como persoal voluntario do GDR Mariñas – Betanzos, autorizando á Presidencia a sinatura do acordo de colaboración.

## **7.2. RESOLUCIÓN PROXECTO INTERREG SUDOE**

Dende AGADER, teñen convidado ao GDR Mariñas - Betanzos a participar na CUARTA CONVOCATORIA SUDOE.

SUDOE é un PROGRAMA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL que a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) apoia o financiamento de proxectos transnacionais do Espazo Sudoeste Europeo (SUDOE). A proposta presentada no ano 2012 non resultou aprobada.

O obxectivo principal deste proxecto era impulsar o desenvolvemento da chamada “economía verde” nos sectores agroalimentario e enerxético, especialmente con actividades en base a terra, en áreas en clásico de desenvolvemento sectorial, moitas veces centrado só nun único factor produtivo, impulsando novas e innovadoras formas de gobernanza territorial que superen la fragmentación estrutural, co obxecto de crear formas innovadoras de organizar traballo, capital e terra e todo elo aproveitando as posibilidades de análises, interacción e coordinación da combinación de tecnoloxías NTIC y xeo-espaciais.

O día 16 de abril de 2013, tense reunido o Comité de Programación do Programa SUDOE co obxecto de analizar as candidaturas de proxectos presentadas na 4ª convocatoria, tendo unha resolución desfavorable o proxecto presentado por AGADER.

## **7.3. ASOCIACIÓN GALEGA DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL.**

Informase aos asistentes que a reunión de Asemblea Xeral da Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, celebrarase o vindeiro 15 de maio de 2013 ás 17 horas na Aula 5 da EGAP en Santiago de Compostela.

O Presidente comunica aos asistentes que AGADER ten ofrecido á Asociación de GDR'S de Galicia elaborar os criterios de reparto, así como aportar propostas para o novo PDR 2014-2020.

Informa tamén, que está en marcha unha Comisión de Seguimento con AGADER para mellorar os problemas identificados.

Tentarase manter o Programa LEADER e os Grupos. A valoración do LEADER en Galicia é que está funcionando razoablemente ben.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 21.30 horas.

En Sada, a 6 de maio de 2013

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace Presidencia

Asdo.: D. José A.Santiso Miramontes